

Necesidades nutricionais específicas 413-1

De maneira especial, somos sensibles a necesidades específicas en alimentación derivadas de enfermidades que afectan a algunhas persoas como a enfermidade celíaca, as alerxias ou as intolerancias alimentarias. Traballamos para que a nosa oferta de produtos para elas sexa segura, suficiente para unha compra ordinaria e sempre cun nivel adecuado de prezo. Por iso, mantemos unha comunicación fluída con diferentes entidades e colectivos que as representan, como a Federación de Asociaciones de Celíacos de España (FACE) ou a Federación Española de Diabetes (FEDE), para coñecer de primeira man as súas demandas e preocupacións e ampliar a nosa gama de alimentos para dar unha resposta adecuada ás súas peticións. Ademais, colaboramos con estas entidades para dar visibilidade e concienciar sobre a súa enfermidade mediante distintas campañas de sensibilización.

En 2019, renovamos o Convenio de Colaboración coa Asociación de Celíacos do País Vasco e establecemos un novo Convenio de Colaboración coa Asociación de Celíacos da Ríoxa. En total, durante 2019, máis de 1.630 socios

destas dúas asociacións beneficiáronse destes Convenios, o que inclúe, entre outros, un **20% de desconto na compra de máis de 200 referencias elaboradas especificamente sen glute**.

Actualmente, e froito do noso compromiso coas necesidades específicas deste colectivo, continuamos a traballar para mellorar a oferta de produtos sen glute, tanto da nosa marca propia como de marcas doutros fabricantes, contando actualmente con aproximadamente **3.000 produtos sen glute**, entre os cales 2.400 de diversas marcas e máis de 550 produtos garantidos sen glute da nosa marca propia.

Igualmente, desde hai máis dunha década, ademais de cumprir co Real Decreto 2220/2004 sobre declaracións de alérxenos, ofrecemos información adicional, incluíndo nas etiquetas os textos de advertencia necesarios en mensaxes separadas de forma visible para indicar a potencial presenza de trazas de alérxenos. En 2019, contamos con máis de 550 produtos de marca propia sen glute, 98 produtos sen lactosa, 35 sen leite e 5 sen ovo.

